

Solicitud de participación na IV convocatoria para o recoñecemento de boas prácticas de calidade nos centros docentes da USC (2022)

Centro propoñente: Facultade de Filoloxía	
Denominación da práctica: Converxencias	<input checked="" type="checkbox"/> Xeral <input type="checkbox"/> Específica
Proceso(s) do SGC implicado(s): PE-01 PC-03	
Datas de desenvolvemento da práctica: Planificación: curso 2020-21 Implantación: novembro-décembro 2020 / actualidade Avaliación: anual (décembro 2020 e 2021) Axuste e mellora: anual (outubro 2021, 2022)	
Breve descrición da práctica <p><i>Converxencias</i> é un espazo de encontro e converxencia de intereses, que ten como principal obxectivo mobilizar o profesorado e estudantado da Facultade de Filoloxía arredor dun tema transversal de interese para todas as áreas de coñecemento da Facultade. Trátase de fomentar o traballo colectivo, colaborativo e pluridisciplinar dentro do centro e dalo a coñecer ao resto da comunidade universitaria e á sociedade en xeral, a través de xornadas, mesas redondas, vídeos e publicacións. Para pór en práctica o proxecto, a metodoloxía de <i>Converxencias</i> baséase en organizar unha actividade colaborativa anual, coas seguintes características:</p> <ol style="list-style-type: none">1. Escolla dun tema transversal no que poida participar unha gran parte da comunidade da Facultade.2. Solicitar traballos divulgativos sobre ese tema ao PDI e ao estudantado (este estará titorizado por profesorado voluntario).3. Organizar xornadas e mesas redondas arredor do tema seleccionado onde interveña o PDI e estudantado que manifestou interese en participar cos seus traballos.4. Gravar e difundir as xornadas a través das canles audiovisuais da USC.5. Editar e publicar un volume onde se recollan os traballos presentados nas mesas redondas e xornadas, todos con carácter divulgativo, que será difundido a un prezo simbólico en librarías (non só universitarias). O volume tamén será agasallo oficial da Facultade, como forma de promoción e proxección da súa actividade cara a persoas e entidades públicas e privadas. <p>Procuramos con este tipo de actividades aproveitar as sinerxias dos</p>	

membros da Facultade para a realización dun traballo colaborativo de carácter divulgativo que transcenda o propio centro. Queremos deste xeito axudar a crear novos espazos de colaboración no centro fomentando a cultura da cooperación.

O proxecto encaixa cunha das accións previstas no Plan Estratégico Ponte da Facultade 2020-2022 (PE-01), nomeadamente: *Abrir espazos de participación formal, non formal e informal, responsabilidade e cocreación (actividades sociais e culturais compartidas co PDI e PAS, no seu caso, transferencia, mellora da docencia)*, e co procedemento PC-03 do SGC que prevé o seguinte: *O PAT da Facultade de Filoloxía inclúe desenvolver as competencias transversais mediante actividades concretas (obradoiros, charlas, conferencias...).*

Breve avaliación da eficacia da práctica:

A primeira actividade colaborativa de *Converxencias* tivo lugar no ano académico 2020-2021. Por motivo do centenario do nacemento da revista *Nós*, o tema escollido foi *Nós e o mundo; o mundo e nós*, e organizáronse, por un lado tres mesas redondas arredor da revista e do seu contexto histórico e, por outro, a elaboración dunha Antoloxía de textos da revista elaborada por estudantes coa axuda e titorización da profesora Dolores Vilavedra. Nas mesas redondas, que tiveron lugar o 30 de novembro, 1 e 2 de decembro, participaron 8 profesoras/es de 5 áreas de coñecemento e 3 estudantes no papel de moderadoras/es de mesa. Na Antoloxía participaron 4 estudantes que realizaron 6 comentarios críticos de obras da revista de diferentes épocas e xéneros. As mesas redondas foron transmitidas en directo pola canle de Youtube da USC e están dispoñíbeis na canle de televisión da USC nesta ligazón:

<http://tv.usc.gal/serial/index/id/690>

Os traballos presentados nas mesas redondas e na Antoloxía deron lugar a un volume publicado en 2021, que se encontra na actualidade accesíbel nos puntos de venda da USC por 4,5 euros para membros da comunidade universitaria, e nas librarías en xeral por 6 euros. A organización das mesas redondas e a publicación deste volume tivo repercusión mediática, tanto na radio galega (programa Diario Cultural: min.0 a 6.30) como no xornal da USC, despois de ser presentado ao Reitor:

<https://www.usc.gal/gl/xornal/novas/obra-mundo-mundo-rendetributo-emblematica-revista-estuda-contexto-historico>

Como valoración xeral, debemos salientar que as Xornadas, non só foron un éxito de participación, senón tamén un éxito de público, tanto presencial como en remoto, dado o elevado número de visualizacións dos vídeos (máis de 1000). Foi un éxito tamén porque mostraron que é posíbel mobilizar os membros da Facultade en torno a temas transversais que activan a curiosidade científica por coñecer o traballo dos/as colegas e permiten unha maior conexión co estudantado, tamén mobilizado. Finalmente, este tipo de actividades conseguen valorizar internamente o traballo académico realizado na Facultade e visibilizalo de cara ao

exterior.

A segunda actividade de *Converxencias* (curso 2021-2022) xirou en torno ao tema da tradución. A participación aumentou ao respecto do ano anterior:

12 membros do PDI de 8 áreas de coñecemento participaron nunhas Xornadas organizadas en 4 sesións distribuídas en dúas semanas dos meses de novembro e decembro de 2021, xunto con 4 estudantes que participaron tanto nas Xornadas como na elaboración de traducións críticas. Como no ano anterior, as Xornadas foron gravadas e todos os traballos deron lugar a un volume *Á volta da tradución*.

Neste curso 2022-2023 o tema elixido é a Oralidade e a actividade consolídase coa a presentación de 16 traballos por 21 membros da Facultade (28, 29, 30 de novembro e 1 de decembro de 2022).

As características principais do proxecto *Converxencias*, baseadas na acción colaborativa de carácter divulgativo por parte de PDI e estudantado, poden exportarse a todos os centros da USC, dando lugar a actividades académicas divulgativas análogas e cumprindo coa meta prevista no SGC de desenvolver as competencias transversais do alumnado.

Prégase brevidade e concisión na descrición e na avaliación da práctica. No caso de precisar máis espazo, pódese agrandar os cadros de texto e empregar ata un máximo de 3 páxinas en total.